



NOTA INFORMATIVA

[ICA Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2018]

1. SOLICITUDE DUN GRUPO DE COLEXIADAS SOBRE A FOLGA XERAL DE MULLERES DO 8 DE MARZO

A Xunta de Goberno, na sesión do día 06.03.2018, tras ver a solicitude formulada por un grupo de colexiadas, tomou o acordo de remitir a todas as colexiadas e colexiados o formulario confeccionado polas ditas colexiadas para que as mulleres avogadas poidan **solicitar a suspensión de vistas que se celebren o 8 de marzo**, como consecuencia da folga xeral convocada para ese día.

Achégase unha copia do formulario.

2. I ENCONTRO DE MULLERES PROFESIONAIS DO SECTOR XURÍDICO

O Colexio de Avogados, a través da Agrupación de Xoves Avogados de Compostela, colabora na organización do I Encontro de Mulleres Profesionais do Sector Xurídico, que terá lugar este vindeiro venres 9 de marzo en Vigo.

Día: 9 de marzo

Lugar: Club Financeiro de Vigo (avda. de García Barbón, 62)

Horario: de 10.00 h a 18.00 h

Custo: gratuíto

Inscripción: a través do correo xunta@avogadosnovos.gal

Programa: ver PDF anexo